




*Quen teña honra, que me siga**



PALACIO DE MARÍA PITA - CONCELLO

*María Pita

Antes de ruar e descubrir os recantos da **Cidade Vella**, queremos presentarche unha muller que representa a forza de todas as coruñesas.



ESTATUA DE MARÍA PITA

Benvidos á **Cidade Vella**, unha visita imprescindible pola historia da Coruña. Os nomes das súas rúas, as igrexas e as súas casas palacianas, contaránche os segredos do noso pasado medieval e barroco.


Goza deste paseo polas empedradas rúas que ocupan a antiga cidade, refundada en 1208 por orde de Alfonso IX de León, á beira do bravo Atlántico Norte, no antigo asentamento romano de Crunia.

María Pita dá nome a unha praza moi importante nesta cidade, e a moitas cousas máis. Agora ímosche explicar o porqué.

En 1589, as tropas inglesas, dirixidas polo corsario Francis Drake, cercan e atacan a cidade amurallada por encomenda de Isabel I, raíña de Inglaterra.

No asalto, morre Gregorio de Racamunde, marido de María Pita. Ela, cargada de ira, arrebatou a bandeira inglesa dunha lanza e mata o irmán de Francis Drake ao grito de "Quen teña honra que me siga". Contan que, con este feito, as tropas invasoras afundíronse e iniciaron a súa retirada. E así é como María Pita e os 4.000 habitantes da cidade defendéronse perante os 12.000 homes do exército inglés.

A estatua, que preside a Praza de María Pita, representa a heroína coa lanza en posición de ataque e o corpo sen vida do seu esposo aos seus pés.



COLEXIATA DE SANTA MARÍA DO CAMPO


...máis:

A praza de María Pita, a Mariña coas súas galerías, e a rúa Troncoso, estean cheas de locais de hostalaría e de terrazas, que se enchen ao compás que marcan os raios de sol. Con certeza xa o viches.

As desordenadas rúas da Cidade Vella agochan curiosos bares e pequenos restaurantes, anticuarios que falan da vida burguesa da "Cidade", establecementos de artesanía e moitas sorpresas.



CIDADE TRANQUILA



PRAZA DAS BÁRBARAS

...perfís:

Neste paseo, cruzaraste con tres mulleres que deixaron marcas profundas:

María Pita, heroína que nos defendeu, con honra e coraxe.

Rosalía de Castro, autora do poemario **Cantares Galegos**, a primeira grande obra da literatura galega contemporánea.

Emilia Pardo Bazán, feminista e precursora dos dereitos da muller.



CASTELO-MUSEO DE SANTO ANTÓN

MÁIS INFORMACIÓN EN:

www.turismocoruna.com

SÍGUENOS EN:



Turismo Coruña

Calle Sol. Edificio Sol, s/n
15003 A Coruña
T 981 184 344
infoturismo@coruna.es



CORUÑA
PROXIMA



